


FALANDO CON PEPE DÍAZ...



O autor da caricatura é Javier Penelas, daquela delegado do club e hoxe arquitecto en Pontevedra.

Fuches o fundador do Club Deportivo de Zalaeta , agora Club Voleibol Zalaeta , e segues a ser Directivo, Técnico, e Coordinador nas distintas categorías de chicas e chicos. Así que xa estás pensando en retirarte da túa actividade laboral de profesor de EF? Deixa claro que coa túa retirada da docencia non vas deixar de dirixir o club. Esta aposta túa polo voleibol en Zalaeta non vai quedar orfa do seu “alma pater”, non si?

A resposta vai na pregunta

Que fai un omeia cordobés coma ti, na cidade dos míticos Hércules e Breogán? Quen é ela?
Aló (non Alá) polo Agosto do ano de 1969 o encargado das ensinanzas do Deporte preguntoume si coñecía Galicia eu dixen que non e así quedou a cousa: Ese mesmo ano o 10 de Outubro recibín un telegrama que me indicaba que debía presentarme con urxencia na Universidade Laboral “Crucero Baleares” de A Coruña, non sabía para qué e consultei na cidade dos Califas sobre o tema.- RESPONDA: como non coñeces Galicia é para que a coñezas polo menos un curso escolar, vas e se non che gusta volves cando acabe o curso. Ela apareceu na miña vida no ano 1976 casamos no 1977 e desde entón compartimos a nosa vida.

Os vosos fill@s medraron sans porque lles transmitistes unha serie de valores. Que papel desempeña o deporte na educación dos adolescentes?

Viviron o día a día do Club Instituto Zalaeta, ao meu fillo Miguel a adestradora do equipo de Baloncesto de entón (Meijide) o levaba no carro de bebé e paseábao mentres eu adestraba aos equipos. Despois foi xogador de Baloncesto e de Voleibol e ate que marchou a Valladolid e agora Santander, adestrou os equipos femininos que sementaron o que hoxe temos.

A filla tamén foi xogadora e adestradora e hoxe nos mantén, como fisioterapeuta, en condicións de afrontar os retos deportivos.

O papel da E. Física e do Deporte na Educación dos adolescentes para min e preventivo no tocante a evitar a obesidade, no que se refire as relacións das persoas, potencia a necesidade de superación e un largo etc.

Na práctica facer deporte é para un adolescente un continuo salto de obstáculos, cando chegan ao 2º ciclo da ESO moit@s o deixan, por qué? Cres que o seu esforzo ten recoñecemento no ámbito escolar?

É mais importe o propio recoñecemento persoal, moitas veces deixan de practicar deporte por apatía, outras por descoñecemento e non recoñecemento das propias familias. É triste comprobar cando vas a xogar a un colexio privado que os pais están alí animando mentres que os nosos, a maioría, nin aparecen pola pista do Instituto. Os que o fan gozan dos éxitos e dos rebotes deportivos dos seus fillos/as, entón é cando verdadeiramente é gratificante para todos.

Cal é a túa opinión acerca da evolución da materia de E. Física?

Cuantitativamente cada vez é mais pobre, cando iniciamos a nosa andadura no Instituto había, onde hoxe está o Club unha sala permanente de revisión médica e un médico asinado ao Centro, e o máis importante TRES HORAS DE EDUCACIÓN FÍSICA A SEMANA. Hoxe temos dous sesións de 50 minutos.

Cómo ves a oferta do deporte escolar nos colexios e institutos da Coruña, Clubs, Instalacións deportivas?

Eu vivín os Xogos Escolares, entón era obrigatorio para todos os Centros participar, hoxe recortáronse todas as ofertas deportivas, cada vez hai menos interese, tanto político como da sociedade “de a pé”, e das propias familias.

Pensas que poden competir os colexios públicos cos semi privados ou privados na oferta deportiva?

Nos o facemos dende hai 30 anos, a Zalaeta (como club) o coñecen en toda España.

Cres que o problema que se montaron os políticos co tema do galego, non está agochando outros problemas reais da educación ? Que lle pedirías ti aos nosos políticos para que tiveran en conta, e mellorásemos entre todos o sistema educativo actual?

O que funciona so se corrixe para mellorar, creo que entendes o que quero dicir.

Ónde cres que falta apoio, implicación, profesionalidade, para garantir que todo rapaz teña dereito a facer unha práctica deportiva de calidade, saudable e enriquecedora?

Nos responsables que sempre son os partidos políticos, antes de mirar só aos seus intereses deberían preocuparse do futuro das xeracións en formación e desenvolvemento.

En Galicia temos cultura deportiva? Cres que temos un modelo deportivo que garante un reparto xusto e equilibrado de investimentos para o deporte de base e de elite?

Como responsable do Club creo que é mellor ser politicamente correcto en non responder.

No sobredimensionado mundo do deporte espectáculo de masas, neste momento de crise económica, que é para ti un dispendio de diñeiro?

A política, non de fichaxes dalgúns clubs, é mais de contribución de impostos fiscais e de límite de salarios como se fai noutros países.

Nos anos que levas na túa labor docente deportiva, que cambios viches no rol socialmente establecido da muller. Porque no campo deportivo no S.XXI aínda vemos moitas situacións machistas herdadas, ou non?

Tivo un papel secundario que hoxe está cambiando igual que cambia o seu rol no resto de actividades a medida que pasa o tempo. Recordo que cando no DNI aparecía o apartado de profesión e a maioría das mulleres maiores poñían SL (súas labores), eu preguntaba en clase si querían seguir con ese papel ou si se consideraban persoas con todas as consecuencias. A resposta era sempre o desexo de abandonar o secundario papel e sentíame a gusto, as clases eran, para min, normais.

A túa posición sempre deixáchela clara, ti apostas por unha xuventude san e deportiva. Levando a xestión do club nos momentos que escoitas críticas ácidas, cómo as dulcificas? Porque as construtivas que non son corrosivas sempre nos fan mellorar

Para os que pensaban e pensan que eu son "Idiota" contestei sempre o mesmo "Eu se que o son pero ti non tes capacidade para dicirmo". Eu co meu tempo libre fago o que quero e o que me chea de satisfacción. Os demais se poden que o fagan. Se podes facer o que queres serás feliz, cando non podes é unha pena e para min son pobrecitos.

Do binomio: club- instituto, que aporta o instituto ao club e viceversa?

Ao principio a matrícula duplicouse porque a sociedade quería facer deporte e nós proporcionabámoslles esa posibilidade. Hoxe como é rutina parece que non e así. O deporte é publicidade e o Centro coida do seu, porque non cabe dubida que o Club perdura no tempo baseado no Instituto.

Cando foi a última vez que pensaches, que vale a pena esforzarse para que os rapaces en vez de na rúa facendo botellón, estean ilusionados e competindo a volei no pavillón?

Contestándoches

Que desafíos deportivos ten o club de volei Zalaeta nas distintas categorías esta tempada?

Seguir sendo fiel a súa planificación, en Chicos os Xuvenís; estes que están en 2º de Bacharelato, e que xogan a liga de Primeira División. En Chicas manter a categoría que ti un día dixeches que tocaran o Ceo.

Para os/as pequenos/as aprender e seguir os pasos dos anteriores.

Esta fin de semana gocei moito vendo ao equipo de cadete de chicas adestrado por Fernando loitar contra o Emeve de Lugo. Foi un encontro clásico de máxima rivalidade entre Zalaeta - Emeve, moi intenso e non apto para xente que padeza arritmias. As pulsacións e temperatura na grada tamén subían cos berros, asubíos e percusións, para facerlles chegar as chicas que a súa entrega no campo as levaría a gañar. E así foi no 2º, e no 3º set onde a nosa superioridade foi manifesta, pero veu o 4º do empate, e xa no 5º foron elas as que gañaron o partido moi xustiño. Pero todos quedamos emocionados e en pe aplaudindo un largo rato ... Hai que ver como están xogando Marta, e Macarena!! Lle están dando moita vidilla ao equipo, a competición, son unhas grandes deportistas e gañadoras. Parabéns as rapazas e a Fernando, o adestrador.

E a ti Pepe felicitacións e agradecementos polo teu apoio incondicional aos rapaces que elixen facer volei no instituto nas distintas categorías. Porque fas que Zalaeta sexa coñecida e respectada nos terreos de xogo e fora deles. Temos o privilexio de traballar cun alumnado moi bo, e ti sabes poñer a rede de volei a altura de cada un, e ir subíndoa a medida que van medrando. Axudémoslles a medrar e chegar alto!